




**LETRAS  
GALEGAS  
2023**

Antes de empezar a ler, cada alumno ou alumna recortará os anacos de crebacabezas e os remexerá. Farase a lectura da información para, finalmente, pegar cada peza no seu sitio e colorear a imaxe.





# LETRAS GALEGAS

Provincia na que nace Del Riego	Nome da súa muller.	Ano no que nace Francisco	Obra de Vicente Risco que marca as súas ideas.
Cargo que tiña na Real Academia Galega	Únese a eles estando en Santiago.	Ano de inicio da guerra que fai que teña que agocharse.	Número de veces que foi detido
Documento legal que axuda a aprobar.	Lugar onde enterra os seus documentos.	Autor galego que coñece no instituto	Persoas coas que reorganiza o Partido Galeguista
Nome do semanario no que participara de xove.	Nome da Editorial que axudou a formar.	Carreira que estuda.	Cidade na que estuda a carreira.

# FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO


Francisco F. del Riego (Paco, como lle chamaban os amigos) nace na vila luguesa de Lourenzá un 7 de xaneiro de 1913, como un regalo adiado de Reis.



A escola e o seu gusto pola lectura van marcar a súa infancia. Encantáballe ler, era moi bo estudante e moi responsable.


No instituto coñece a Álvaro Cunqueiro ( que coincidencia! Outro grande da literatura galega)

O meu nome é moi longo en realidade: Francisco Jesús Benito Antonio Fernández del Riego. Imaxina ter que escribir isto todo nos teus controis



En 1930 marcha a Madrid e matricúlase en Dereito. Antes xa publicara os seus primeiros escritos na revista escolar *Páginas Calasancias* e no semanario *Vallibria*.

Cando le a "Teoría do nacionalismo galego" de Vicente Risco, márcase a súa posición política. De feito, no verán de 1931, sentíndose mais galego ca nunca, celebra na súa vila natal o Día de Galicia coa bandeira galega no balcón do concello.



Del Riego trasladarse a Compostela onde remata Dereito.

Entra no Seminario de Estudos Galegos e incorpórase tamén ao Partido Galeguista.



Son anos intensos nos que colabora no xornal El Pueblo Gallego, nos semanarios A Nosa Terra e Ser, e nas revistas Alento, Nós e Galiza. Tamén participa na campaña de aprobación do Estatuto de Autonomía.




A sublevación militar de 1936 fai que se agoche nun primeiro momento para evitar detencións, paseos e asasinatos.



Despois decide vestir o uniforme das tropas franquistas para salvar a súa vida, pero despois é inhabilitado e a súa carreira trúncase e decide asentarse en Vigo.



Em 1940 casa con Evelina Hervella. Coincide con Enrique Peinador e Manuel Gómez Román e deciden reorganizar o Partido Galeguista na clandestinidade.



Tres anos despois celebran na casa onde pasaban os veráns unha reunión onde adxudican os novos cargos, recaendo en Del Riego o de secretario do Exterior e mais de Propaganda.

O establecemento da ditadura remata coa actividade política do grupo e Del Riego enterra todo o material comprometido no monte do Castro.



O certo é que o réxime fascista sempre estaba atento aos seus movementos e foi detido en dúas ocasións.

O 25 de xullo de 1950 nace a Editorial Galaxia, unha aposta de Xaime Isla e de Fernández del Riego que axudou a difundir a cultura galega.



En 1997 é nomeado presidente da Real Academia Galega, cargo que desenvolverá ata o ano 2001.

Polo seu importante contributo á nosa cultura, Fernández del Riego foi recoñecido con numerosos galardóns.



Sempre a pé de obra, seguiu traballando arreo e con radical optimismo, ata os derradeiros momentos da súa vida, para construír un país libre e galego.